

INFORME SOBRE O PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO PARA PLANTA DE CONVERSIÓN DE MADEIRA EN CARBÓN VEXETAL (XP 25-007)

A Subdirección xeral de Proxectos da Consellería de Economía e Industria solicita o informe previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*, en relación ao Proxecto industrial estratéxico (PIE 21) para unha *Planta de conversión de madeira en carbón vexetal*, promovido por *Xallas Electricidad y Aleaciones SAU*, no concello de Dumbría.

En cumprimento do previsto no dito artigo 80.5 do Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, en relación cos artigos 2 e 8 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, corresponde elevar o *"Proxecto Industrial Estratéxico para planta de conversión de madeira en carbón vexetal"*, para informe do dito órgano consultivo, con carácter previo á súa aprobación polo Consello da Xunta.

Unha vez analizada a documentación achegada e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo e a Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica, emítese o seguinte informe:

1. ANTECEDENTES

1.1. Mediante Acordo do 09.12.2024, o Consello da Xunta de Galicia declarou o proxecto dunha planta de conversión de madeira en carbón vexetal como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE), cos efectos previstos no artigo 79.4 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*. Nese procedemento, a Dirección xeral de Urbanismo emitiu informe o 02.12.2024 sobre a compatibilidade do proxecto coas determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio, ao abeiro do previsto no artigo 79 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*.

1.2. De conformidade co artigo 80.1 do citado Decreto Lexislativo, logo da declaración do proxecto industrial estratéxico, o 17.12.2024 a Subdirección Xeral de Proxectos da Secretaría Xeral de Industria requiriu ao promotor a presentación de toda a documentación esixida pola normativa aplicable, en virtude das esixencias legais derivadas da instalación e das infraestruturas proxectadas e, en particular, para efectos do previsto no artigo 27 da *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*. O 21.02.2025 o promotor achega documentación, que completa o 19.03.2025.

1.3. O 26.03.2024 solicitouse á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade informe previo á tramitación ambiental do proxecto. O 11.04.2025 recíbese contestación na que sinalan que o proxecto:

- Non está sometido a avaliación de impacto ambiental.



- Con respecto ao encadre do proxecto no ámbito do *Real Decreto Legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación*, non formulan obxeccións á cualificación da modificación prevista na Autorización Ambiental Integrada da que actualmente é titular a empresa, sexa considerada como non substancial.

1.4. Mediante Anuncio da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, publicado no Diario Oficial de Galicia o 29.04.2025, someteuse a información pública o proxecto. O 2.05.2025, o promotor presenta un escrito ante a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, no que expón que na documentación que foi sometida a información pública figura certa información incluída por erro, polo que presentan de novo, corrixida, a documentación que debe someterse a información pública.

En base ao anterior, o 05.05.2025 (DOG núm.84) procédese a publicar un novo anuncio polo que se somete a información pública o proxecto, deixando sen efecto o anuncio publicado o 29.04.2025. O citado anuncio e a documentación técnica antes sinalada estivo dispoñible no Portal de Transparencia da Consellería de Economía e Industria e no concello de Dumbría para a súa consulta pública polo tempo legalmente establecido. Non se presentaron alegacións durante o trámite de información pública.

1.5. Dacordo co artigo 80.4 do *Decreto Legislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano responsable da tramitación efectuará a petición de todos os informes ás administracións e órganos sectoriais afectados, tanto os esixidos pola normativa reguladora da autorización sectorial como os esixidos aos efectos da tramitación ambiental. Os organismos consultados foron os seguintes:

1. Augas de Galicia:

- 1.1. Solicitud de informes a través da SXT de Medio ambiente o 06.05.2025 e 06.06.25
- 1.2. Informe de Augas de Galicia do 23.05.2025 e 07.07.25

2. DX Patrimonio Natural:

- 2.1. Solicitud de informe a través da SXT de Medio ambiente o 06.06.2025.
- 2.2. Informe remitido o 07.07.2025.

3. Patrimonio cultural:

- 3.1. Solicitud de informe o 06.05.2025.
- 3.2. Informe remitido o 04.06.2025

4. Deputación Provincial da Coruña:

- 4.1. Solicitud de informe o 06.05.2025.
- 4.2 Informe remitido o 28.05.2025

5. DX Planificación enerxética e minas:

- 5.1. Solicitud de informe o 06.05.2024.
- 5.2. Informe remitido o 05.06.2025

1.6. O 06.05.2025 solicitouse informe ao concello de Dumbría, que foi emitido o 12.05.2025.



1.7. Para continuar co procedemento de aprobación do proxecto previsto no artigo 80 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, o 03.07.2025 a empresa promotora presenta ante a Secretaría xeral de Industria un escrito dirixido á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático no que se relacionan unha serie de modificacións realizadas no proxecto, das cales se lles da traslado á consellería competente aos efectos de que valore se os cambios operados terían incidencia na tramitación ambiental do proxecto. O 4.07.2025 recíbese a contestación da Subdirección Xeral de Avaliación ambiental que indica que os cambios operados non teñen incidencia na tramitación ambiental.

1.8. O 07.07.25, remítense ao promotor os informes recibidos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e de Augas de Galicia. O 18.07.25, Xallas Electricidade e Aleaciones, presenta a resposta a ditos informes sectoriais.

1.9. O 08.07.2025 o promotor presenta un escrito ante a Secretaria Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, no que xustifica que os axustes proxectados nalgunha das naves se relacionan co obxectivo de garantir a compatibilidade das instalacións cos requirimentos técnicos dos equipos de secado e optimizar a eficiencia operativa da planta; así como nas rasantes inicialmente propostas para adaptarse á topografía natural do terreo.

Examinada a documentación presentada e comprobada a entidade dos cambios realizados, mediante anuncio do 9.07.2025 da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, sométese de novo a información pública o proxecto. O citado anuncio e a documentación técnica estivo dispoñible no Portal de Transparencia da Consellería de Economía, Industria e Innovación e no concello de Dumbría para a súa consulta pública polo tempo legalmente establecido. Non se presentaron alegacións durante o trámite de información pública, segundo consta nos correspondentes certificados:

- Subdirección Xeral de Proxectos da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético: 15.09.25

- Concello de Dumbría: 28.08.25

1.10. Dacordo co artigo 80.4 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano responsable da tramitación realizou novamente a petición de todos os informes ás administracións e órganos sectoriais afectados, tanto os esixidos pola normativa reguladora da autorización sectorial como os esixidos aos efectos da tramitación ambiental a efectos de que coa nova documentación presentada se ratificasen no informe anterior ou emitisen novo informe. Os organismos consultados foron os seguintes:

1. Augas de Galicia:

1.1. Solicitud de informes a través da SXT de Medio ambiente o 14.07.2025.

1.2. Informes remitidos o 08.09.2025 e 19.09.25.

2. Dirección Xeral de Patrimonio Natural:

2.1. Solicitud de informe a través da SXT de Medio ambiente o 14.07.2025.



2.2. Informes remitidos o 04.08.2025 e o 10.09.25

3. Concello de Dumbría:

3.1. Solicitud de informe o 14.07.25

3.2. Informe remitido o 28.08.25.

4. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

4.1. Solicitud de informe o 14.07.2025.

4.2. Informe remitido o 21.07.2025

5. Deputación Provincial da Coruña:

5.1. Solicitud de informe o 14.07.25.

5.2 Informe remitido o 18.08.25

6. Dirección Xeral de Planificación enerxética e Minas:

6.1. Solicitud de informe o 14.07.25.

6.2. Informe remitido o 05.08.2025

7. Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural:

7.1. Solicitud de informe o 15.07.25.

7.2. Informe remitido o 04.08.2025

1.11. Para continuar co procedemento de aprobación do proxecto previsto no citado artigo 80, o 22.09.2025 o promotor achegou a documentación definitiva para a dita aprobación.

1.12. O 30.09.2025 a Subdirección xeral de Proxectos da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético remite solicitude de informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo ao abeiro do previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, achegando expediente do proxecto e informe de tramitación.

1.13. Mediante escrito do 14.10.2025, a Subdirección xeral de Proxectos remite documentación adicional relativa ao proxecto:

- Resolución do 06.10.2025 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, pola que se modifica a autorización ambiental integrada número 2006/0267_NAA/IPPC_060, e na que entre outras cuestións se establece a obriga de que no prazo dun mes o titular actualice o contido do Informe de Situación (IS) do solo considerando a totalidade da instalación e os seus procesos asociados coa modificación proposta.

- Comunicación da empresa promotora relativa á modificación do ámbito do proxecto, coa incorporación de dúas parcelas, presentada o 14.10.2025.

1.14. Segundo consta no informe do Servizo de Impulso de Proxectos, da Subdirección xeral de Proxectos da Consellería de Economía e Industria do 30.09.2025, a tramitación do expediente como proxecto industrial estratéxico realizouse conforme ao establecido nos



artigos 78, 79 e 80 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*.

2. OBXECTO DO PROXECTO

2.1. O proxecto propón a mellora ambiental e de eficiencia da planta de Dumbría coa execución dunha planta de fabricación de carbón vexetal, substituíndo 15.000 t/ano de carbón mineral (hulla) consumido na actualidade. A planta terá unha capacidade de produción anual de entre 11.000 e 14.000 t/ano a partir do consumo de aproximadamente 70.000 toneladas de madeira, que serán fornecidas por provedores locais, maioritariamente en forma de puntal ou ben en forma de tacos de madeira xa troceados.

Para reducir o tamaño da madeira recibida ao tamaño esixido para a fabricación de carbón vexetal, disporase dunha planta de troceado. A madeira verde recibida deberá someterse a un proceso de secado para reducir a humidade ata os valores requiridos para a fabricación de carbón vexetal nos fornos. Co obxecto de reducir os tempos de secado e garantir os niveis de humidade da madeira, prevese construír catro secadoiros estáticos, que funcionarán mediante un sistema de quecemento con serpentines de auga a 100°C.

A auga quente empregada nos secadoiros producirase ou ben mediante o aproveitamento térmico do residuo da biomasa que non sexa válida para a produción de carbón ou ben mediante o aproveitamento da enerxía residual contida nos fumes de escape dos fornos de carbonización.

Unha vez a madeira alcance os valores de humidade requiridos, esta será introducida nos fornos para a produción de carbón. A planta contará cun total de 14 fornos, cada un cunha produción nominal de 1000 toneladas anuais.


Tras o proceso de carbonización, o carbón vexetal debe ser arrefriado antes de ser enviado aos silos existentes de materias primas, onde se incorporará ao proceso de fabricación de ferroalixes. Así mesmo, a planta contará tamén cun almacén de madeira seca, o cal permitirá laminar a produción e ter certa autonomía en caso de fallos de subministración ou avaría.

Datos xerais

Actividade principal	Fabricación de carbón vexetal
Horario de funcionamento	8.760
Réxime de funcionamento	365 días/ano
Horas de produción/día	24
Data prevista de posta en marcha	2026

2.2. As instalacións proxectadas construíranse nos terreos sen edificar que Xeal ten dentro da súa planta de ferroalixes, na Estrada de Muros, s/n, Lugar de Hospital, 15151 Dumbría (A Coruña).





2.3. A delimitación inicial do ámbito do proxecto incluía os terreos sobre os que se implanta a actual fábrica de ferroaleacións de Xeal, así como os terreos xa existentes dentro do seu peche actual que se consideraron necesarios para as actuacións de mellora ambiental e de eficiencia, é dicir, aqueles sobre os que se localizará a futura planta de fabricación de carbón vexetal.

Na seguinte imaxe pode observarse o ámbito inicial desagregado en ambos espazos segundo o proxecto achegado:

- En morado, o ámbito de implantación da principal actuación de mellora ambiental, nova planta de fabricación de carbón vexetal prevista no proxecto (ámbito PC), de superficie 38.421 m².
- En vermello, o ámbito da factoría de ferroaleacións (ámbito IE), onde se desenvolverán outras actuacións de mellora ambiental que complementan a actuación principal de carbón vexetal, de superficie 157.475 m². Esta delimitación inicial tiña unha superficie total de 195.896 m².






Pero segundo consta na documentación achegada pola empresa promotora o 14.10.2025, incorpóranse ao ámbito do proxecto as seguintes parcelas catastrais, co compromiso de realizar as xestións necesarias para agrupar en escritura pública todas as parcelas que constitúen o novo ámbito do proxecto:

- Parcela catastral: 15034A505001950000BQ (pol 505 par 195) con superficie 148.111 m².
- Parcela catastral: 15034A023010330000ZH (pol 23 Parcela 1033) con superficie 21.855 m².

En consecuencia, a superficie total do ámbito territorial afectado pasa de 195.896 m² a 366.909 m², tal e como se recolle no informe pericial que consta no expediente e se reflicte a continuación:



Delimitación del ámbito afectado incluíndo as novas parcelas incorporadas

En consecuencia, considerando que a superficie total prevista de ocupación ascende a 66.250 m², segundo o proxecto, a porcentaxe total de superficie ocupada sería dun 18,05%.



CUADRO DE SUPERFICIES ENVOLVENTES ELEMENTOS PIE PLANTA DE CARBÓN, FASE PROYECTO DE EJECUCIÓN					
PROYECTO DE MEJORA AMBIENTAL Y DE EFICIENCIA: PLANTA DE FABRICACIÓN DE CARBÓN VEGETAL Y OTRAS MEJORAS		OCUPACIÓN(M2)	AREA DE MOVIMIENTO (M)		ALTURA GENERAL(M)
		SUPERFICIE	LADO MENOR	LADO MAYOR	ALTURA GENERAL(M)
PC01	ALMACENAMIENTO	26.675,00			
PC02	PLANTA DE TROCEADO	1.225,00	35,00	35,00	15,00
PC03/05/06	NAVE CARGA DE MADERA VERDE, DESCARGA DE MADERA SECA, ALMACÉN DE MADERA SECA	2.700,00	30,00	90,00	20,00
PC04	SECADERO DE MADERA VERDE	2.700,00	30,00	90,00	10,00
PC07	HORNOS DE CARBONIZACIÓN	2.625,00	35,00	75,00	25,00
PC08	NAVE DE ENFRIAMIENTO	3.500,00	35,00	100,00	25,00
PC09	DESCARGA DE CARBÓN	1.575,00	35,00	45,00	25,00
PCIC02	SALA DE ENERGÍA Y CONTROL DE INSTALACIONES	250,00	10,00	25,00	10,00
ME01	CALDERA DE BIOMASA	875,00	25,00	35,00	20,00
ME02	ESPACIO RESERVADO PARA POSIBLE AMPLIACIÓN DE SECADEROS	350,00	10,00	35,00	10,00
ME	MEJORAS AMBIENTALES Y DE EFICIENCIA	23.775,00			Según proceso
TOTALES		66.250,00			

2.4. As características principais de cada fase son as que se describen a continuación:



DENOMINACIÓN DEL PROCESO ACTUAL Y DEL PROYECTADO


PLANTA DE FERROALEACIONES ACTUAL

1	OFICINAS
2	NAVE MATERIAS PRIMAS
3	APARCAMIENTO
4	NAVE DE MICROSIlice
5	FILTRO DE MICROSIlice
5 7	VESTUARIOS Y COMEDOR
8	HORNO 21
9	NAVE ENFRIADERO DE HORNO 21
10	TALLERES
11	NAVE DE ALMACENAMIENTO PRODUCTO TERMINADO HORNO 21
12	HORNO 22
13	NAVE ENFRIADERO DE HORNO 22
14	NAVE DE ALMACENAMIENTO PRODUCTO TERMINADO HORNO 22
15	NAVE DE CLASIFICACIÓN DE PRODUCTO TERMINADO
16	BALSAS DE PLUVIALES
17	SUBESTACIÓN
18	TORRES DE REFRIGERACIÓN
19	BALSAS DE REFRIGERACIÓN
20	SALA DE BOMBAS DE RECIRCULACIÓN DE AGUA
21	BALSA DE REFRIGERACIÓN AUXILIAR
22	SALA DE MUESTRAS
23	SALA DE DOSIFICACIÓN H21
24	SALA DE DOSIFICACIÓN H22
25	SALA BOMBEO PCI
26	SALA CONTROL CLORO
27	BALSA DE RECINTO DE PLUVIALES
28	CIRCUITO VERTICAL DE ENFRIADORES
29	APARCAMIENTO ACCESO
30	BÁSCULA ACCESO
31	BÁSCULA PRODUCTO TERMINADO

PROYECTO DE MEJORA AMBIENTAL Y DE EFICIENCIA: PLANTA DE FABRICACIÓN DE CARBÓN VEGETAL Y OTRAS MEJORAS

PC01	ALMACENAMIENTO
PC02	PLANTA DE TROCEADO
PC03/05/06	NAVE CARGA DE MADERA VERDE, DESCARGA DE MADERA SECA, ALMACÉN DE MADERA SECA
PC04	SECADERO DE MADERA VERDE
PC07	HORNOS DE CARBONIZACIÓN
PC08	NAVE DE ENFRIAMIENTO
PC09	DESCARGA DE CARBÓN
PCIC02	SALA DE ENERGÍA Y CONTROL DE INSTALACIONES
ME01	CALDERA DE BIOMASA
ME02	ESPACIO RESERVADO PARA POSIBLE AMPLIACIÓN DE SECADEROS
ME	MEJORAS AMBIENTALES Y DE EFICIENCIA





Procesos de elaboración:





Diagrama de flujo:

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal





1.- Planta de troceado: para a obtención de tacos de madeira das dimensións requiridas (aprox. 30x10x10 cm), prevese a instalación dunha planta de troceado con capacidade para procesar 70.000 toneladas anuais de madeira na esquina nordés da parcela. Á saída da planta de troceado, os tacos de madeira serán introducidos en gaiolas para a súa manipulación posterior. Prevensen varias zonas de provisión de troncos, cunha ocupación total de 5340 m². A madeira amoreada para a fabricación de carbón será principalmente de eucalipto, piñeiro e acacia. A planta de troceado situarase baixo unha cuberta cunhas dimensións de 30x30 m en planta e 8,45 m de altura.

2.- Almacenamento de madeira verde: construírse un silo para o almacenamento de madeira verde de dimensións de 40x25 m en planta e 6,5 m de altura. O silo situarase dentro dunha nave de dimensións en planta de 80x25 m e unha altura de 16,3 m. Nesta nave, ademais do almacenamento de madeira verde no silo, realizarase a carga de madeira verde no carro de transporte mediante un ponte guindastre provisto dun pulpo electrohidráulico, así como a descarga e almacenamento de madeira seca.

3.- Carros de transporte: construíranse dous carros de transporte, un para introducir as gaiolas con madeira verde nas cámaras de secado e outro para retirar as gaiolas con madeira seca das mesmas cámaras de secado. Os carros desprazaranse en sentido lonxitudinal sobre raís e irán cubertos por unha marquesiña de 90,7x10,4 m e 7,3 m de altura. O carro transportará as bandexas de alimentación que conterán a madeira e que se desprazarán en sentido transversal ao movemento do carro, sendo estas bandexas os



elementos que entran e saen das cámaras de secado. Cada unha destas bandexas contará con 14 compartimentos de 16,5 estéreos de capacidade, sumando unha capacidade total de 230 estéreos

4.- Secadoiro: instalaranse 4 secadoiros, cada un deles provisto de dúas cámaras de secado con carga e descarga frontal, de capacidade media por cámara 230 estéreos.

5.- Almacenamento de madeira seca e descarga de gaiolas: dentro da nave onde se almacenará a madeira verde, construírse un foso para a descarga da madeira seca contida nas bandexas transportadas polo carro. O foso irá provisto dun sistema de transporte que conducirá a madeira seca ata un silo con unhas dimensións de 30x14 m en planta e 6,5 m de altura. A nave contará cun ponte guindastre para a descarga das gaiolas do carro de transporte. A descarga das gaiolas poderá facerse sobre unha cinta transportadora, para o enchido dos recipientes dos fornos, ou a un lateral da devandita cinta, para a provisión de madeira seca. O mesmo ponte guindastre provisto de pulpo que realiza a carga de madeira verde empregárase para cargar a madeira seca contida no silo dentro dunha tolva para o enchido dos recipientes dos fornos.

6.- Carga de recipientes. Os recipientes dos fornos de carbonización encheranse mediante o enchido dunha cinta transportadora que conectará unha tolva de carga situada na nave de almacenamento de madeira cunha tolva de descarga situada na nave de produción de carbón.

7.- Fornos: os recipientes cheos de madeira seca, cunha humidade en base húmida de entre o 20 e 25%, introdúzanse nos fornos de carbonización, onde permanecerán un tempo estimado de 8 horas. Instalaranse 14 fornos de dobre retorta, cada un cunha produción de 1.000 toneladas anuais de carbón vexetal. Cada forno conterá dous recipientes ao mesmo tempo. Os gases liberados por un recipiente durante a carbonización condúcense á cámara de combustión, onde liberan a enerxía necesaria para quentar o segundo recipiente ata o comezo da carbonización. Alternando os recipientes, o forno non require a achega de enerxía externa, salvo no arranque.

Os fornos instalaranse dentro dunha nave de dimensións 200x30 m en planta y 15,45 m de altura. Da superficie total da nave. 6.000 m², os fornos ocuparán aproximadamente de 2.100 m², na superficie restante emprazase a zona de arrefriado, baleirado e cribado.

Para a carga e descarga dos recipientes nos fornos instalaranse dúas pontes guindastre de 5 toneladas de carga e 30 metros de luz, un deles para carga e o outro para descarga.

8.- Arrefriado do carbón en recipientes: os recipientes de carbón vexetal recentemente retirados dos fornos arrefriaranse sobre unha cama de area durante un tempo comprendido entre 24 e 48 h. En total, dentro da mesma nave dos fornos, dispoñeráse dunha superficie de 2400 m² para un total de 126 recipientes, dispostos nunha matriz de 18x7.

9.- Baleirado de recipientes: unha vez transcorridas 24-48h de arrefriado, os recipientes baleiraranse mediante un ponte guindastre cun mecanismo volteador. Os recipientes baleiros e as tapas colocaranse sobre unha cinta que as conducirá cara á zona de enchido de recipientes.



10.- Cribado: o carbón vexetal baleirado dos recipientes dos fornos conducírase directamente a unha criba onde os elementos máis finos serán separados para posteriormente ser conducidos a unha acopio de material fino. Recuperación de calor dos fumes de escape dos fornos: para a produción da auga quente requirida polos secadoiros instalárase un economizador no conduto de saída dos gases de escape dos fornos.

Sala de control e sala eléctrica: o control de todas as fases anteriores centralizarase desde unha sala de control situada ao sur da nave de fornos, con visión directa sobre a zona de produción. Anexa á sala de control construírase unha sala eléctrica cos armarios eléctricos e de control da nova planta.

Sala de caldeiras e silo de biomasa: para cubrir as puntas de demanda dos ciclos de secado instaláranse dúas caldeiras de biomasa, que se alimentarán co material residual producido na planta de troceado e no parque de madeiras. Estas caldeiras instaláranse dentro dunha sala de caldeiras independente. As caldeiras de biomasa contarán con alimentación de solo móbil. Tanto a sala de caldeiras como o silo situáranse dentro dunha edificación de dimensións 30x25 m en planta e 8,45 m de altura.

2.5. A creación total de emprego será de 15 empregos directos e 15 indirectos. Ademais prevese xerar 64 empregos na fase de construción (2025-2026).

Postos de traballo	Traballadores/turno	NºTurnos/día
Troceado	1	2
Hornos	1	3
Carga/descarga	1	3
Supervisor	1	1

Desglose dos postos de traballo directos

A planta operará 365 días/ano en quendas de 8 horas. Asíse que cada traballador realizará 1.752 horas/ano, polo que farán falta un total de 15 traballadores para cubrir toda a produción.

Postos de traballo	Traballadores/turno
Tala e procesamento de madeira	11
Transporte de madeira	4

Desglose dos postos de traballo indirectos



3. ORZAMENTO

O total dos investimentos ascende a 22.872.183,60 €. O proxecto de XEAL, foi beneficiario da segunda convocatoria do PERTE de Descarbonización industrial, recibindo unha subvención de 8.666.693,00€

PRESUPUESTO PROYECTO

Capítulo	Presupuesto
1. INGENIERÍA	767.800,00 €
1.01 Ingeniería de detalle	600.000,00 €
1.02 Seguridad y salud	64.800,00 €
1.03 Medio ambiente y gestión de residuos	20.000,00 €
1.04 Automatización y control	70.000,00 €
1.05 Licencia SCADA	8.000,00 €
1.06 Auditoría energética para control de GEI	5.000,00 €
2. EDIFICACIÓN E INSTALACIONES	4.186.250,00 €
2.01 Nave carga jaulas madera verde	285.000,00 €
2.02 Nave descarga jaulas madera seca	285.000,00 €
2.03 Sala de calderas	250.000,00 €
2.04 Nave producción carbón	2.030.000,00 €
2.05 Marquesina carro transporte y troceadora	140.000,00 €
2.06 Sala de control	175.000,00 €
2.07 Electricidad	400.000,00 €
2.08 Abastecimiento y saneamiento	160.000,00 €
2.09 Contra incendios	300.000,00 €
2.10 Climatización y ventilación	100.000,00 €
2.11 Instalación fotovoltaica	56.250,00 €
2.12 Arbolado y transplante de dryopteris guanchica	5.000,00 €
3. EQUIPOS DE PROCESO	17.918.133,60 €
3.01 Troceadora	522.700,00 €
3.02 Cámaras de secado	1.728.000,00 €
3.03 Economizador + Derivación de gases calientes + Conducciones de agua caliente	528.320,00 €
3.04 Hornos + Recipientes para hornos	7.311.113,60 €
3.05 Puentes grúa	1.986.000,00 €
3.06 Cintas transportadoras	517.000,00 €
3.07 Tolvas	76.000,00 €
3.08 Jaulas para transporte y almacenamiento	2.064.000,00 €
3.09 Carros de transporte + Solera móvil + Railes	1.891.000,00 €
3.10 Sistema de volteo	144.000,00 €
3.11 Calderas de biomasa	1.150.000,00 €
PRESUPUESTO DE LICITACIÓN	22.872.183,60 €
BENEFICIO INDUSTRIAL Y GASTOS GENERALES	3.651.861,25 €
PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL	19.220.322,35 €
IVA	4.803.158,56 €
PRESUPUESTO DE LICITACIÓN + IVA	27.675.342,16 €

4. PLANEAMIENTO URBANÍSTICO

4.1. O Concello de Dumbría carece de planeamento urbanístico xeral, aínda que conta con 6 delimitacións de núcleo rural aprobadas sen incidencia no ámbito do proxecto, polo que en aplicación do réxime establecido na disposición transitoria 1ª.2.d) da *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG), corresponde aplicar aos terreos afectados o establecido para o solo rústico na citada lei e no seu regulamento de desenvolvemento.

4.2. De conformidade co previsto no Plan básico autonómico de Galicia (PBA), as afeccións sectoriais que inciden no ámbito son as seguintes:

- Transporte: O ámbito do PIE está parcialmente afectado pola zona de afección das estradas provinciais DP2302 e DP-3404. Os usos previstos non prexudican a integridade da



estrada, a seguridade viaria ou a súa adecuada explotación e as instalacións previstas situaranse fóra da liña límite de edificación establecida na normativa de aplicación. O proxecto conta con informe favorable da Deputación provincial da Coruña.

- Patrimonio cultural: O ámbito do PIE está parcialmente afectado pola contorna de protección dos xacementos arqueolóxicos Castro do Alto do Casteliño (GA15034034) e Mámoa do Campo das Mallas (GA15034021). Doutra banda, ese ámbito é lindeiro co roteiro do Camiño de Santiago coñecida como "Camiño de Fisterra e Muxía", que ten a consideración de ben catalogado na categoría de territorio histórico, en virtude da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia. O proxecto tamén conta con informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Liñas eléctricas: O departamento Territorial da Coruña informa de que existen instalacións de transporte de enerxía eléctrica (titularidade de REE) próximas á nova planta proxectada, aínda que en principio non estarían afectadas (informe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas do 04.06.25).

- Concentración parcelaria: O ámbito do PIE está parcialmente integrado por terreos que foron obxecto de concentración parcelaria (concentración parcelaria de Buxantes).

O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural, no seu informe do 04.08.25 comunica que o proxecto afecta a unha superficie total de 38.000 m², localizada maioritariamente na referencia catastral 15034A023000020000ZB, a cal non foi incluída no proceso de concentración parcelaria. Unha parte minoritaria da actuación recae sobre a referencia 15034A505011460000BX, que si foi obxecto de concentración, cunha superficie aproximada de 9,008 ha. Esta afección representa arredor do 0,46 % da superficie total concentrada no perímetro de Buxantes (Dumbría), que non dispón de plan de cultivos ou plan de predios de especial vocación agraria, e non presenta carácter forestal.

A instalación industrial existente no predio de substitución mantén actividade desde o ano 1977, sendo esta ocupación visible nas fotografías aéreas dispoñibles desde o ano 2002. O presente proxecto constitúe unha ampliación dentro dun predio con uso industrial consolidado, no cal non se desenvolve actividade agraria algunha desde hai máis de 48 anos.

- Plan sectorial eólico: O ámbito do PIE está parcialmente afectado polo Plan Sectorial Eólico, concretamente pola área de Desenvolvemento Eólico denominada Ponche Castrallón (G11/G12).



DIRECCIÓN XERAL DE UR
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



4.3. O artigo 79.4.c) do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, contempla expresamente entre os efectos da declaración como proxectos industriais estratéxicos “a declaración de prevalencia sobre o planeamento urbanístico vixente”.

4.4. Con respecto á normativa sectorial industrial, o proxecto informado favorablemente pola Consellería de Economía e Industria para a súa remisión á Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo contén apartados na súa memoria sobre as condicións esixibles de seguridade estrutural, seguridade en caso de incendio, salubridade, protección contra o ruído, aforro de enerxía e seguridade de utilización e accesibilidade.

5. COMPATIBILIDADE COAS DETERMINACIÓNS DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

5.1. No ámbito territorial de implantación do proxecto industrial estratéxico obxecto deste informe concorren as Directrices de ordenación do territorio de Galicia (DOT), aprobadas polo *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro* (DOG do 22.02.2011); e como se indicou anteriormente, o Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEGA), aprobado definitivamente o 05/12/2002.

5.2. Ao respecto da coherencia coas DOT, na súa memoria faise referencia ás industrias denominadas como “de enclave”, entre as que cabe encadrar a que é obxecto deste PIE, definidas como as vencelladas a un recurso ou a unha localización determinada que responde ás lóxicas clásicas da localización industrial (existencia de man de obra, do recurso, de vantaxes de localización en relación ás vías de comunicación ou do medio de transporte, etc.). En xeral, pertencen ao grupo coñecido como industria pesada, que xera volumes de emprego considerables pero que tamén teñen efectos perniciosos sobre o medio e un forte impacto paisaxístico dado o seu gran tamaño e a degradación dos espazos próximos, polo que advírtese no mesmo apartado das DOT da necesidade de acadar unha mellor integración ambiental, visual e paisaxística, para minimizar os seus efectos negativos sobre o medio e sobre a calidade de vida dos residentes nas súas proximidades.

Enténdese que a actuación proposta alíñase coas citadas actuacións recomendadas nas DOT, por canto a substitución ou mesmo eliminación do carbón mineral do proceso produtivo redundará na redución das emisións de CO₂, tal e como se xustifica na documentación achegada. Tamén se inclúen no PIE medidas para a integración paisaxística das instalacións, que se deben estender á totalidade das instalacións existentes, e cuxa efectividade foi obxecto de análise polo órgano competente na materia durante a avaliación do impacto ambiental do proxecto.

5.3. En relación ao Plan Sectorial Eólico, o PIE está parcialmente incluído dentro da Área de Desenvolvemento Eólico (ADE) de Castrallón delimitada no citado plan. Non obstante, non se ten desenvolto ningún proxecto sectorial nin de interese autonómico de parque eólico nesta ADE que poda interferir coa implantación do PIE, polo que se considera viable a súa implantación en relación con este instrumento de ordenación do territorio.



6. CONCLUSIÓN

En atención ao exposto e á vista do informe favorable da Consellería de Economía e Industria do 13.08.2025, en cumprimento do previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*, e de conformidade co informe-proposta da Subdirección Xeral de Urbanismo e da Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica, elévase ao Pleno da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo o Proxecto Industrial Estratéxico para unha *Planta de conversión de madeira en carbón vexetal*, promovido por *Xallas Electricidad y Aleaciones SAU*, no concello de Dumbría.

